



Concello de Lugo

CONTRATACION PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mab

Refº: decreto adxudicación obra rua nova

Asunto: adxudicacion definitiva

DECRETO NUMERO 978/2010 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO DITADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DE AREA.

Ilma. Sra. Dona, Sonia Méndez García, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego.

Lugo, a tres de decembro do dous mil dez.

Instruído o expediente relativo a: **CONTRATACION DAS OBRAS DE REPAVIMENTACION E CANALIZACIONES NO CASCO HISTORICO RUA NOVA, ENCADRADAS NO PROGRAMA DE INICIATIVA URBANA (PROXECTO URBAN) QUE CONTA CO 70% DE COFINANCIAMENTO DE UNION EUROPEA A TRAVES DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL. ADXUDICACION.-**

ANTECEDENTES

a) Informe do Xefe do Servizo de Contratación onde se fai constar:

1º.- Acordo da Xunta de Goberno Local número 11/558, do 8 de setembro do 2010, polo que se adxudicou provisionalmente as obras de **REPAVIMENTACION E CANALIZACIONES NO CASCO HISTORICO RUA NOVA** a mercantil **CONSTRUCCIONES SANLE LUGO S.L.**, por un importe de 75.798,92 euros..

2º.- Anuncio de adxudicación provisional do contrato, publicado no Boletín Oficial da Provincia o día 20 de outubro do 2010.

3º.- Documentación presentada polo adxudicatario

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O artigo 135.4 da LCSP establece que a elevación da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique aquela no diario oficial ou no perfil do contratante do órgano de contratación e que durante este prazo o adxudicatario deberá presentar a documentación xustificativa de atoparse ó



MURALLA
patrimonio da humanidade



Concello de Lugo

CONTRATACION PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mab

Ref^a: decreto adxudicación obra rua nova

Asunto: adxudicacion definitiva

corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar. No presente expediente a adxudicataria provisional, CONSTRUCCIONES SANLE LUGO S.L., presentou en prazo a súa documentación.”

b) Informe da Intervención Municipal ref.921/2010 de fiscalización favorable de adxudicación, do 16 de novembro do 2010.

Por todo o anteriormente exposto e en base o acordo 15/888 da Xunta de Goberno Local do 17 de setembro do 2008, polo que se delega a favor da Tenente de Alcalde titular da Area de Economía e Emprego a adxudicación definitiva dos contratos de obras , subministracións e servizos.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Elevar a definitiva a adxudicación das obras de **REPAVIMENTACION E CANALIZACIONES NO CASCO HISTORICO RUA NOVA. ACTUACION INCLUIDA NO PROXECTO URBAN, QUE CONTA CO 70% DE COFINANCIAMIENTO DA UNION EUROPEA A TRAVES DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL. 10UR3001.**, á empresa **CONSTRUCCIONES SANLE LUGO S.L.**, NIF B-27006949, por importe de 64.236,37 euros mais o 18% de IVE 11.562,55 euros o que fai un total de 75.798,92 euros.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución a mercantil **CONSTRUCCIONES SANLE LUGO S.L.**, e as dependencias municipais afectas, e requirir a empresa adxudicataria para que proceda o aboamento dos gastos de formalización do contrato administrativo que ascenden a 205,56 euros, co fin de asinar o correspondente contrato administrativo dentro do prazo regulamentariamente establecido.

TERCEIRO.- Proceder a devolución das fianzas provisionais as empresas licitadoras, **CONSTRUCCIONES SANLE LUGO S.L.**, **CANALUGO S.L.** e **ASOGAL CONSTRUCCIONES S.L.**

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta por fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñer-los seguintes recursos:

Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo da Lei 29/1998, do 13 de



MURALLA
patrimonio da humanidade



Concello de Lugo

CONTRATACION PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mab

Ref^a: decreto adxudicación obra rua nova

Asunto: adxudicación definitiva

xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

Maila o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñe-lo recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Alcaldía no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Cúmprase.



MURALLA
patrimonio da humanidade